



Expediente nº: 131/2/2022/PN

Memoria xustificativa

Procedemento: Contrato de subministros por procedemento negociado sen anuncio previo de licitación

Asunto: Contratación da actuación de transformación do punto de venta. Concepto financiable II da memoria da actuación "Ourense Norte Puede", dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Memoria Xustificativa

1. Introducción

O Concello de San Xoán de Río, dentro da estratexia de promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio, dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos nun escenario onde é preciso incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, así como adaptar os establecementos ás necesidades das persoas usuarias e que as persoas consumidoras alcancen o servizo desexado.

Desde a Alcaldía, propónse a celebración dun contrato de subministros, como continuación da execución dun proxecto integral de apoio aos comerciantes e produtores locais, co obxecto de axudar a unha zona tremendamente castigada polo despoboamento e o illamento.

2. Descrición da situación actual

a. Situación na Institución

O proxecto pon en común a 14 concellos da zona, e a través de 31 actuacións pretende responder aos grandes problemas de fondo:

- a) A inexistencia de oportunidades na zona, o que a convirte en probablemente o conxunto de municipios máis envellecido de España. Ourense Norte Reacciona pretende xerar oportunidades, a través del impulso do comercio e pequena produción local (que é todo el tecido produtivo, a parte do sector público), que se traduzan en postos de traballo e na posibilidade de que se dea un relevo xeracional e este área non quede totalmente despoboada.
- b) A mellora de competitividade e capacidade do tecido comercial e produtivo (pequenos produtores, que é o que hai na zona) a través dunha plataforma de comercio que incorpore as novas tecnoloxías a estes negocios y mellore a súa capacidade de venta, y a posta a disposición destes negocios, dunha maneira conxunta para resultar mais eficientes, de ferramentas de marketing, comunicación e outras que incrementen en derradeiro termo as súas ventas.

Estas accións incrementarán a demanda interna de produtos (evitando que os habitantes de estes 14 concellos acudan a comprar á capital de provincia cada 2-3 semanas), así como a externa (a través de diversas accións dirixidas á venta fóra dos límites dos 14 concellos representados nesta iniciativa). O plan sostense en 31 actuacións, que tratarán de dixitalizar, modernizar e impulsar, cunha perspectiva de conservación do territorio e pegada de carbono 0, o comercio e a produción da zona.

b. Marco normativo

- Orientacións da Comisión Europea de data 9 de abril de 2021 (Orientacións de como evitar e xestionar as situacións de conflito de interese con arranxo ao Regulamento Financeiro).
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012. Regulamento Financeiro.
- Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 25 de outubro de 2012, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión y polo que se derroga o Regulamento (CE, Euratom) nº1605/2002 do Consejo. Regulamento Financeiro.





- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consejo, do 12 de febreiro de 2021. É o núcleo do Fondo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE. Directiva sobre contratación pública.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e súa normativa en desenvolvemento.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións públicas
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.
- Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Obxecto do contrato

O proxecto completo comprende 31 actuacións. Son obxecto do presente expediente as comprendidas no concepto financiable relativo á transformación do punto de venda, que comprende as seguintes:

II. Transformación do punto de venda (7 actuacións)

- **Actuación 7.** Investimento en equipamento básico (para recepción, identificación e conservación da mercancía ata seu envío) en 3 almacéns físicos, distribuídos estratexicamente que sirvan de HUBs de concentración para a rede de reparto eficiente, reducindo desprazamentos e custos.
- **Actuación 8.** Investimento nunha caseta física móbil para a venda de produtos de comerciantes e produtores locais nas feiras que se realizan polos diferentes municipios que compoñen a iniciativa Ourense Norte Reacciona. Esta caseta permitirá aos comerciantes locais ofrecer seus produtos sen necesidade de desprazamentos e perda de tempo, axuntando os produtos de varios nun so posto. Ademais, poderá situarse en lugares estratéxicos con afluencia de público (por exemplo, a estación de esquí de Manzaneda en momentos de alta afluencia).
- **Actuación 9.** Investimento en tenda móbil virtual. Os vehículos de reparto servirán de plataformas de venda, podendo o empregado que conduza o vehículo guiar polo proceso de compra á poboación local (especialmente, á poboación envellecida). Esta acción realizarase a través de tablets que conectarán coa plataforma, así como TPVs virtuais. Esta solución tamén se aplicará na caseta física móbil.
- **Actuación 10.** Compra de 4 vehículos eléctricos (1 furgoneta para desprazamentos entre os 3 hubs e cargas que circunstancialmente sexan mais grandes, e 3 motos con 500 l. de capacidade de carga para a distribución de "última milla" dos produtos polos diferentes Concellos).
- **Actuación 11.** Obras para mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas dos mercados e feiras locais, enfocados na instalación de ramplas que faciliten a accesibilidade e a creación de zonas de





aparcamento privilexiadas, así como a revisión das vías peonís, en concreto nos cruces coas estradas que cruzan os municipios.

Esta actuación vai ser obxecto dun contrato independente, concretamente de obras, en aplicación do informe da Junta Consultiva de Contratación Pública do Estado (Expediente 28/2018. Cuestións diversas), que nos remite aos Considerandos 11 e 12 da Directiva 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, do Parlamento Europeo e do Consejo, que indican que as normas aplicables aos contratos mixtos deben determinarse cando as distintas prestacións non sexan obxectivamente separables, debendo apoiarse en probas obxectivas capaces de xustificala e de establecer a necesidade de celebrar un único contrato, non sendo suficiente a intención expresa ou presunta do poder adjudicador de considerar indivisibles os diversos aspectos que constitúen un contrato mixto

Engade o Considerando 12, que no caso de contratos mixtos que poden dividirse, o poder adjudicador pode en todo momento adjudicar contratos distintos para as distintas prestacións do contrato mixto, en cuxo caso as disposicións que han de aplicarse a cada prestación han de determinarse exclusivamente en función das características dese contrato específico.

Estes principios son aplicables ao presente caso, polo que a Actuación 11 vai ser obxecto doutro expediente de contratación.

- *Actuación 12.* Investimento en tablets e TPVs portátiles enfocados nos postos de produtores locais nas feiras (caseta móbil), vehículos eléctricos, Casas do Concello (para venta de produtos/entradas a feiras/eventos) que comercialice o propio Concello, e aos postos das feiras locais.

- *Actuación 13.* Investimento en 5 máquinas vending + Caixas de correo dixitais, que poidan atoparse nos Concellos, para a adquisición de produtos básicos as 24 h do día.

4. Análise Técnico

a. Consideracións técnicas e requirimentos

Ourense Norte Reacciona propón, para conseguir seus obxectivos, unha acción integral que sostense sobre dous grandes alicerces:

- Creación dunha plataforma dixital na que todos os comerciantes e produtores locais poidan expoñer seus produtos, e todos os habitantes (tanto da zona que abarca o proxecto, como externos) poidan adquirir-los produtos ofertados. A plataforma disporá de ferramentas para o análise de datos, enfocados na mellora das cadeas produtivas e a eficiencia dos comercios integrantes. Así mesmo, incluírá a posibilidade de realizar accións de marketing online, vídeos en directo, e apoiará activamente aos comerciantes, a través de seu persoal interno.
- Deseño e posta en marcha dunha rede ecolóxica de distribución para incidir na comodidade e sustentabilidade da distribución entre os 14 Concellos implicados, e facilita-la compra dos produtos. Esta rede utilizará a tecnoloxía para súa eficiencia, apoiarse en 3 hubs distribuídos no territorio e 4 vehículos eléctricos, e xerará emprego directo.

O proxecto Ourense Norte Reacciona complementase con outra serie de accións, tanto formativas como investimentos físicos. O inicio do proxecto conleva a transformación dixital, facilitando a súa implantación.

V. Rede de distribución Ourense Norte Reacciona

A rede de distribución resulta una actuación clave para Ourense Norte Reacciona. A principal ferramenta que necesita o comercio local, unha vez conseguida a visibilidade adecuada a través da plataforma, é ser capaces de servir aos consumidores.

Dada a dispersión do territorio (con traxectos de mais dunha hora entre uns e outros Concellos, e moi pouca poboación), a cada comerciante individualmente lle resultará imposible atender-la demanda local, por un tema fundamentalmente de eficiencia (o custo en gasto de transporte e tempo para cada pedido, non compensa a venda local, salvo que sexa moi preta ao establecemento). Por tanto, a rede de distribución é fundamental para o éxito do proxecto e o relanzamento do comercio local.

Prevese a división do territorio en 3 zonas, cun sinxelo almacén en cada una delas, denominados HUBs. Estes HUBs de distribución concentrarán as mercancías dun e outro comercio, segundo pedido, e unificarán os pedidos individualmente. Despois, cada HUB servirá a súa zona específica, cun deseño eficiente de rutas (xa sexa nunha





división por Concello, débese lembrar que hai 5-6 por HUB, ou outras mais eficientes). Por tanto, a configuración da rede de distribución suporá:

- Realización dun estudio completo de toda a zona e súas interconexións, co fin de establecer a rede de distribución mais óptima e sustentable. Ademais de establecer as rutas mais eficientes, fixarase cales son os puntos intermedios mais óptimos onde constituí-los HUBs de almacenamento.
- Compra de vehículos eléctricos, como motos ou furgonetas, para a xestión de rutas sustentables, xunto cunha aplicación que xere e dea ao condutor a ruta mais eficiente e rápida segundo os pedidos que se teñan previstos no día. Cara ao usuario, dita aplicación manterá informado en todo momento onde está seu pedido e cando será a súa entrega. Prevese comprar 3 motos con gran capacidade de carga, así como unha furgoneta para o transporte de pedidos de envergadura e para o servizo entre HUBs.
- Xeraranse polo menos 3 postos de traballo (uno por HUB) fixos asociados á rede de distribución.

VI. *Investimentos na accesibilidade aos espazos que ocupan mercados e feiras municipais (obxecto de expediente separado)*

Prevese o investimento en obras de accesibilidade nos espazos nos que se realizan os diferentes mercados e feiras municipais.

Estes son un gran dinamizador do comercio na zona (do pouco que existe), polo que necesitan ser accesibles a toda a poboación.

Farase un estudo detallado dos lugares de todos estes eventos, para así poder realizar adaptacións de accesibilidade, pensadas en ramplas de acceso e estacionamentos especiais, ou incluso modifica-los emplacementsos se a solución fose mais beneficiosa.

VII. *Investimento en elementos dixitais para os Concellos e comercios*

Investimento en tablets e TPVs portátiles, enfocados nos postos de produtores locais nas feiras (caseta móbil), vehículos eléctricos, Concellos (para venta de produtos/entradas a feiras/eventos) que comercialice o propio Concello, e aos postos das feiras locais. Estas ferramentas dixitais facilitarán os métodos de pago e aumentarán as posibilidades de venta.

Os obxectivos específicos deste investimento son:

- Utilización dos datos que aporta a dixitalización para mellora-las cadeas produtivas e poder anticiparse, mellorando a eficiencia.
- Utilización dos medios dixitais de pago para facilita-las transaccións, así como o rexistro das mesmas.
- Utilización dos medios dixitais de venta (por exemplo, tablets), de modo que non é necesario expoñer irremediamente todo o xénero que pode ofrecerse ao cliente.
- Realización de obras de accesibilidade para facilitar o acceso a zonas comerciais (principalmente mercados e feiras municipais).
- Posibilidade de utilización polos comercios de solucións dixitais (vending, caixas de correo) para a entrega de produtos fóra dos horarios habituais de apertura ao público e para a venta directa fóra deses horarios.

VIII. *Investimento nunha caseta física para a venta mancomunada dos produtores locais*

Esta caseta, para a venta de produtos de comerciantes e produtores locais nas feiras que se realizan polos diferentes municipios que compoñen a iniciativa Ourense Norte Reacciona, permitirá aos comerciantes locais ofrecer seus produtos sen necesidade de desprazamentos e perda de tempo, axuntando os produtos de varios nun so posto.

Ademais, poderá situarse en lugares estratéxicos con afluencia de público (por exemplo, a estación de esquí de Manzaneda en momentos de alta afluencia), e poderá ser trasladada dun lugar a outro sen provocar pegada de carbono algunha, xa que utilizaríamos a furgoneta eléctrica adquirida para a rede de distribución.

IX. *Investimento en máquinas vending e caixas de correo dixitais de entrega*

Ourense Norte Reacciona inclúe accións enfocadas directamente á modernización dos puntos físicos de venta, a través da inclusión de novos métodos de compra, así como o pago, e de opcións de compra fóra do horario comercial.

Unha das accións é a inclusión en, polo menos, cinco dos Concellos mais illados (e que non dispoñen de supermercado para adquirir produtos básicos) de máquinas expendedoras para a adquisición 24 horas ao día de





produtos de primeira necesidade, que non se atopan dispoñibles no área e, ademais, fóra dos horarios comerciais. Obviamente, estas máquinas terán unicamente produtos de comercios locais, de tal maneira que serán vendas directas destes comercios.

Outorgarase a posibilidade de ofrece-los produtos aos comercios por un criterio de proximidade, é dicir, o comercio mais preto que ofrezca ese produto poderao ofrecer na máquina.

Ademais, prevese a instalación de caixas de correo para a entrega de produto en determinados puntos, para facilita-la entrega a persoas que prefiren recoller súas compras nun espazo concreto, e non recibilas na súa casa (por un criterio de dispoñibilidade, por exemplo). Polo menos, instalárase unha caixa de correo de recollida en cada un dos HUBs de distribución (3), xa que neses lugares concéntranse os produtos e resultará mais rápida a dispoñibilidade para o usuario. Estudiarase incorporar outras 2 caixas de correo noutras áreas municipais, como Concellos onde non se atopan os HUBs de distribución. Poderase valorar a inclusión de mais caixas de correo en novas zonas, cuxo custo será asumido polo Concello onde se instale, no seu caso.

5. Análise Económico

a. Valor estimado

Segundo o proxecto eco-dixital para o impulso do comercio local na área norte da provincia de Ourense, denominado Ourense Norte Reacciona, a actuación ten seis grandes áreas de actuación, comprendendo o presente expediente o primeiro dos conceptos financiados obxecto da axuda para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, outorgada ao Concello de San Xoán de Río, distribuído do seguinte modo

Actuacións dirixidas á transformación do punto de venta		
Categoría da actuación	Tipo de prestación	Importe
Equipamento básico HUBs (3 pequenos HUBs ubicados estratéxicamente, en locais municipais)	Subministros	10.000,00
Investimento en caseta física	Subministros	9.800,00
Adquisición de TPVs para comercio local	Subministros	3.600,00
Adquisición de tablets para venta na Plataforma	Subministros	7.800,00
Máquinas de vending situadas estratéxicamente polo territorio	Subministros	19.000,00
Caixas de correo dixitais de entrega/recollida de mercadería	Subministros	25.000,00
Total actuación 2 Valor estimado		75.200,00

b. Viabilidade

A finalidade do presente apartado é comprobar e demostrar a posibilidade da execución do contrato desde un punto de vista financeiro.

Para elo, existe crédito adecuado e suficiente na seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación		Descrición	Importe
Pro.	Económ.		
439	627.00	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas. Outras actuacións sectoriais. Proxectos complexos	90.992,00

A contratación e posterior execución da actuación á que fai referencia o presente expediente, por importe total de 90.992,00 euros, finánciase ao 82,64%, é dicir, os 75.200,00 euros, pola Dirección General de Política Comercial, da Secretaría de Estado de Comercio, pertencente ao Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, ao abeiro da Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro, pola que se convoca a liña de axudas para o apoio á actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. O resto, o 17,36%, por importe de 15.792,00 euros, equivalente ao importe do IVE, deberá ser achegado a partes iguais entre os 7 Concellos beneficiados pola actuación, o que supón a cantidade de 2.256,00 euros por Concello.

No caso do Concello de San Xoán de Río, a cantidade de 2.256,00 euros, acada o 0,23% das operacións non financeiras do Orzamento inicial do Concello para o exercicio 2024, polo que o impacto no mesmo é mínimo.

c. Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira

A contratación do presente servizo non vai impedir o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira recollido no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Elo é así, porque o Concello de San Xoán de Río dispón da Tesourería axeitada para o puntual cumprimento das súas obrigas financeiras, o que ven acreditado polo período medio de pago do derradeiro exercicio do que se remitiu información.





Doutra banda, ao tratarse dunha actuación cuxa achega é do 0,23% do investimento proxectado, suporá unha afectación nimia respecto tanto da estabilidade orzamentaria como da regra de gasto, e non afectará as previsións contidas no Orzamento aprobado polo Pleno Municipal.

En cumprimento da responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas á que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, e do principio de prudencia á hora de executar seus orzamentos, cousa que cumprese no presente expediente, o financiamento do contrato é o seguinte:

Concepto de ingresos	Remanente afectado (fondos europeos)	Remanente afectado (achegas Concellos)	Fondos propios
Importe do prezo do contrato sobre o valor estimado	75.200,00 euros	13.536,00 euros	2.256,00 euros
Total por concepto	75.200,00 euros	13.536,00 euros	2.256,00 euros
Total ingresos	90.992,00 euros		

Con todo, ao tratarse dun proxecto de inversión de procedencia do exercicio anterior, incorporáronse os remanentes crédito necesarios para o seu financiamento, dentro do proxecto global por importe de 245.709,78 euros, o que dará lugar, necesariamente, a unha situación de inestabilidade que deberá ser corrixido coa execución orzamentaria ao longo do exercicio 2024.

6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Dentro dos procedementos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, inicialmente tramitouse a presente contratación por procedemento aberto, regulado nos artigos 156 e seguintes da Lei 9/2017, e cumprindo as normas xerais contidas nos artigos 131 a 155 de citada Lei 9/2017, que comezan sinalando que a adjudicación dos contratos realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Para unha xestión mais áxil da contratación, por acordo do pleno de 31 de xaneiro de 2023, delegouse na Alcaldía as competencias do Pleno recollidas na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que atinxe ao desenvolvemento dos expedientes de contratación das actuacións comprendidas na memoria da actuación "Ourense Norte Puede", dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Con todo, efectuado o proceso, mediante Resolución da Alcaldía de data 2 de marzo de 2023, feita proposta de declaración de deserto pola Mesa de Contratación, en sesión de data 2 de marzo de 2023, declarou deserto o procedemento aberto, de conformidade co artigo 150.3 sensu contrario da Lei 9/2017, do 8 de novembro, ao non presentarse ningunha oferta adecuada por resultar manifestamente insuficiente para satisfacer, sen cambios substanciais, as necesidades e os requisitos do órgano de contratación especificados nos pregos que rexen a contratación. Asemade, acordouse acudir ao procedemento negociado sen publicación previa de anuncio de licitación, ao concorre-la causa prevista no artigo 168.a).1º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, tramitándose segundo o disposto nos artigos 169 e 170 da Lei 9/2017.

No presente caso, acudir a este procedemento vai conseguir unha tramitación mais sinxela, adecuada ao importe e tamaño do da entidade local, e, ao mesmo tempo, darlle cumprimento aos principios de transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, previstos no artigo 1 da Lei 9/2017, conseguindo a execución do obxecto da licitación, e reiterados no artigo 132 da Lei citada. E elo e así porque, segundo a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sala Octava), do 16 de xuño de 2022, o procedemento aberto e o negociado sen publicación previa posterior forman un conxunto indisoluble, polo que os operadores económicos potencialmente interesados en dito mercado tiveron a oportunidade de manifestarse e de competir entre si (67), non actuando de maneira dilixente ao non presentar unha oferta adecuada no marco dun procedemento aberto, nin sendo obrigatorio para o órgano de contratación a negociación con eles, no marco do procedemento negociado sen publicación previa ulterior (68).

Por último, vaise acadar a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente mais vantaxosa, segundo o cumprimento do principio de mellor relación calidade-prezo.





b. Cualificación de contrato

De conformidade co artigo 16 da Lei 9/2017, o presente contrato ten a cualificación de contrato de subministro, cuxo obxecto é a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles. Non terán a consideración de contrato de subministro os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables. Serán, en todo caso, contratos de subministro:

- Aqueles nos que o empresario se obligue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebra-lo contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.
- Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes derradeiros, en calquera das súas modalidades de posta a disposición, a excepción dos contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.
- Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas con arranxo a características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obligue a aportar, total ou parcialmente, os materiais precisos.
- Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.

c. Análise da execución por lotes

Dada a natureza do contrato, e de conformidade co artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, procede a división en lotes do seu obxecto, á vista da posible realización independente de cada unha das súas partes.

Actuacións dirixidas á transformación do punto de venta		
Lotes	Categoría da actuación	Importe
Lote 1	Equipamento básico HUBs (3 pequenos HUBs ubicados estratexicamente, en locais municipais)	10.000,00
Lote 2	Investimento en caseta física	9.800,00
Lote 3	Adquisición de TPVs para comercio local	3.600,00
Lote 4	Adquisición de tablets para venta na Plataforma	7.800,00
Lote 5	Máquinas de vending situadas estratexicamente polo territorio	19.000,00
Lote 6	Caixas de correo dixitais de entrega/recollida de mercancía	25.000,00
Total actuación 2 Valor estimado		75.200,00

Non se establecen limitacións á hora de adjudicar un número máximo de lotes ao mesmo licitador. Ademais, poderá adjudicarse a totalidade dos lotes obxecto do contrato a unha oferta integradora, sempre e cando se cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

- Que esta posibilidade houberase establecido no prego que rexa o contrato e se recolla no anuncio de licitación. Dita previsión deberá concreta-la combinación ou combinacións que se admitirán, no seu caso, así como a solvencia e capacidade esixida en cada unha delas.
- Que se trate de supostos en que existan varios criterios de adjudicación.
- Que previamente se leve a cabo una avaliación comparativa para determinar se as ofertas presentadas por un licitador concreto para unha combinación particular de lotes cumpriría mellor, en conxunto, os criterios de adjudicación establecidos no prego con respecto a ditos lotes, que as ofertas presentadas para os lotes separados de que se trate, considerados illadamente.
- Que os empresarios acrediten a solvencia económica, financeira e técnica correspondente, ou, no seu caso, a clasificación, a conxunto de lotes polos que licite.

d. Duración

Segundo o cronograma actualizado de execución das actuacións, presentado e aprobado ao abeiro da Disposición Adicional Terceira do Real Decreto-lei 11/2022, do 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa de La Palma, as actuacións a desenvolver teñen a seguinte previsión temporal:





Actuacións dirixidas á transformación do punto de venta		
Categoría da actuación	Data inicio	Data finalización
Equipamento básico HUBs (3 pequenos HUBs ubicados estratéxicamente, en locais municipais)	04/2024	11/2024
Investimento en caseta física	04/2024	09/2024
Adquisición de TPVs para comercio local	04/2024	09/2024
Adquisición de tablets para venta na Plataforma	04/2024	09/2024
Máquinas de vending situadas estratéxicamente polo territorio	04/2024	09/2024
Caixas de correo dixitais de entrega/recollida de mercancía	04/2024	09/2024

7. Conclusións

Trátase dun contrato de subministrados no que, englobados como actuacións dirixidas á transformación do punto de venta, compéndense a realización dos seguintes obxectivos: ubicación HUBs e equipamento e adquisición de caseta física, TPVs para comercio local, tablets para venta na Plataforma, máquinas de vending e caixas de correo dixitais.

Prevese a división en lotes do obxecto do contrato, admitíndose ofertas integrodoras, sendo os seguintes:

Actuacións dirixidas á transformación do punto de venta		
Lotes	Categoría da actuación	Importe
Lote 1	Equipamento básico HUBs (3 pequenos HUBs ubicados estratéxicamente, en locais municipais)	10.000,00
Lote 2	Investimento en caseta física	9.800,00
Lote 3	Adquisición de TPVs para comercio local	3.600,00
Lote 4	Adquisición de tablets para venta na Plataforma	7.800,00
Lote 5	Máquinas de vending situadas estratéxicamente polo territorio	19.000,00
Lote 6	Caixas de correo dixitais de entrega/recollida de mercancía	25.000,00
Total actuación 2 Valor estimado		75.200,00

O valor estimado do contrato é de 75.200,00 euros, sendo o financiamento o seguinte:

Concepto de ingresos	Remanente afectado (fondos europeos)	Remanente afectado (achegas Concellos)	Fondos propios
Importe do prezo do contrato sobre o valor estimado	75.200,00 euros	13.536,00 euros	2.256,00 euros
Total por concepto	75.200,00 euros	13.536,00 euros	2.256,00 euros
Total ingresos	90.992,00 euros		

A aplicación orzamentaria do gasto é a seguinte:

Aplicación		Descrición	Importe
Pro.	Económ.		
439	627.00	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas. Outras actuacións sectoriais. Proxectos complexos	90.992,00

A duración máxima do contrato chega ata novembro de 2024, segundo o cronograma recollido no apartado 6.d) da presente Memoria Xustificativa.

O procedemento de adjudicación será o procedemento negociado sen anuncio previo de licitación, utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

En derradeiro lugar, informouse o:

Órgano competente

Importe dos recursos ordinarios do orzamento	Valor estimado do contrato	% sobre os recursos	Importe íntegro do contrato	% sobre os recursos	Órgano de contratación
764.646,35 euros	75.200,00	9,83%	90.992,00	11,90%	Alcaldía

Non obstante, en sesión ordinaria celebrada polo Pleno Municipal, en data 31 de xaneiro de 2023, de conformidade co disposto no artigo 9 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 61 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, acordouse a delegación na Alcaldía das competencias do Pleno recollidas na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que atinxe ao desenvolvemento dos expedientes de contratación das actuacións comprendidas na memoria da actuación "Ourense Norte Puede", dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

